

Acta Reunión Extraordinaria da Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 10 de marzo de 2017

Hora: 11:00

Lugar: Sala de Xuntas 3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Gumersindo Feijoo Costa

Julia González Álvarez

Francisco Omil Prieto

José Varela Pet

Ausencias xustificadas: David Losada Carril, M^a Carmen Palacios Oubiña, Javier Val Barbeira

PUNTO ÚNICO: Aprobación da Memoria de Calidade da ETSE 2015-2016.

O Director sinala que o documento previamente achegado coa convocatoria da reunión mantén a liña trazada nas anteriores Memorias. Destaca as referencias engadidas á Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), acadada no mes de xullo de 2016, e a inclusión do Plan Executivo de Calidade (PEC), ferramenta creada na ETSE que non é de obrigada incorporación.

O terceiro apartado do documento recolle a actualización da Programación Plurianual do Plano Estratéxico referente ao período 2014/2020. Ao fío do apartado de seguimento dos Plans de Mellora anteriores, o Director salienta a importancia de xestionar axeitadamente as Accións de Mellora na Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión (AASX), pois a concorrencia á convocatoria de axudas de calidade está ligada a esta cuestión.

No quinto apartado da Memoria se da conta da profunda revisión de procesos do SGC acontecida no curso previo e o retraso na súa aplicación a causa de que as suxestións derivadas do proceso de certificación da implantación están a ser utilizadas pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos para a elaboración dunha nova versión do Manual de Procedementos institucional. En consecuencia, considerouse prudente agardar a esta nova versión antes de poñer en marcha as modificacións, o cal non é óbice para que o PEC do curso 2016-2017 contemple a revisión a fondo durante o segundo semestre de dous procesos: PC-04 de Planificación das Ensinanzas e PC-11 de A Avaliación da Aprendizaxe.

Para rematar, o Director enumera as catro liñas nas que se articula o Plan de Melloras do Centro: Mellora da Oferta de Titulacións, Programas de Enquisas, Infraestruturas Docentes e Mellora dos Canais de Difusión de Información.

Pódese atopar unha descrición polo miúdo de todos os aspectos relatados nos anexos achegados coa convocatoria da reunión. A Memoria de Calidade da ETSE correspondente ao curso académico 2015-2016 é aprobada por asentimento.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 10:10 h.